

SECUENCIA DIDÁCTICA.

Para que un 8M?


ESTÍMULOS

TEXTO 1. Os corpos invisibles, Emma Pedreira

—Os homes estarían quietos se as mulleres non os provocasen —dixo Mildred, unha matrona desgastada polo tempo, a maternidade e o resto dos traballos. Loretta virouse cara a ela e colocou os brazos ao longo do corpo, estirada o máis que a lonxitude da súa funda de traballo lle permitía.

—Dime que provoco. Que clase de emoción ou de desexo ou do que sexa pode provocar alguén que se ten que meter embaixo desta cotra, co corpo dorido e canso, todo ósos. Que provoco, máis que noxo e compaixón? Provoco? Provoca ela? E non será que eles ven facilidade nesta maneira de estar atadas ás máquinas, ao xornal, ao feito de non ser ningún?

TEXTO 2. [8M claves para dialogar con alguien machista](#)



TEXTO 3. Chámanlle a “Marquesiña”. Cousas. Castelao (1926-1929)

Chámanlle a “Marquesiña” e os seus peños endexamais se calzaron.

Vaí á fonte, depelica patacas e chámanlle a “Marquesiña”.

Non foi á escola por non ter chombra que pór e chámanlle a “Marquesiña”.

Non probou máis lambetadas que unha pedra de sucre e chámanlle a “Marquesiña”.

A súa nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do Marqués.

¡E aínda lle chaman a “Marquesiña”!

TAREFAS

TAREFA PREVIA. Lectura autónoma de *Os corpos invisibles*, de Emma Pedreira.

TAREFA INICIAL. Le e observa comprensivamente **os tres textos** ou documentos que se acompañan. Posteriormente, realiza as actividades de comprensión e reflexión que se che indican máis abaixo; para, finalmente, elaborar un texto no que expoñas a túa opinión argumentada arredor das necesidades ou non da celebración do 8M.

ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN:

1. Sinala as palabras clave de cada texto e, seguindo as indicacións do Caderno TIL, elabora unha definición adecuada das mesmas.
2. Subliña as ideas principais e secundarias de cada texto ou documento e, servíndote das palabras da actividade anterior, elabora un resumo de cada un.

ACTIVIDADE DE REFLEXIÓN:

3. Explica as diferenzas entre os textos a partir dos seguintes elementos:
 1. soporte en que se atopa cada texto
 2. estrutura en que se organizan os contidos de cada texto
 3. intención da persoa que creou eses textos
 4. forma en que se transmite a información que se dá en cada texto
 5. persoas destinatarias deses textos

TAREFA DE PRODUCCIÓN:

2. Elaborar un texto no que expoñas a túa opinión argumentada arredor da necesidade ou non de celebración do 8M na nosa sociedade actual.

TAREFAS POSIBILITADORAS

TAREFA 1. Le e observa comprensivamente o **texto 2**, para despois elaborar un comentario crítico do mesmo arredor da fiabilidade e calidade da información nel verquida, seguindo as indicacións que se acompañan. Consulta a rúbrica para a avaliación de textos escritos. (250 palabras)

TAREFA 2. A partir da lectura na aula do **texto 3**, escolle outro relato da obra de Castelao, *Cousas*, no que a protagonista tamén sexa unha muller, e explica, a través dunha exposición oral planificada, as razóns da túa escolla. Consulta a rúbrica para avaliar as produción textuais orais. (2 minutos)

TAREFA 3. Elabora un *booktube* arredor da lectura autónoma realizada (*Os corpos invisibles*, de Emma Pedreira), seguindo as indicacións que se acompañan. Consulta a rúbrica de avaliación desta tarefa. (5 minutos)

TAREFA 3.1. Elabora unha análise do **texto 1**, obtido da obra de Emma Pedreira, *Os corpos invisibles*, contextualizándoo na época correspondente; identificando e explicando catro características da súa autora, recorrendo sempre a exemplos tirados do propio texto. Sinala dúas tendencias narrativas da mesma época, e as autoras/es máis representativos, así como unha obra de cada un/unha. Consulta os criterios de corrección que se engaden, así como a rúbrica para a avaliación de producións textuais escritas. (250 palabras ou 4 minutos)

TAREFA 3.2. Unha vez contextualizada a obra lida autonomamente na época correspondente, escolle un cadro, unha música e unha película, cos que relacionas esa obra, coa finalidade de que sirvan de recomendación ás persoas destinatarias do teu *booktube* e a través delas poidan completar a visión do tema tratado no texto literario. (1 minuto)

TAREFA FINAL. Crea un relato imitando as *Cousas* de Castelao, cuxa protagonista sexa unha muller vítima dalgunha forma de machismo; acompañándoo dunha imaxe, debuxo ou *collage*, para presentalo ao Certame artístico *Cousas*, organizado polo IES Félix Muriel. Consulta as bases do certame e segue as indicacións dadas nelas para a presentación da túa creación.

RÚBRICA PARA A VALIAR A SECUENCIA DIDÁCTICA

CA	ÍNDICES DE LOGRO				
TAREFA INICIAL	INSUFICIENTE (1-4)	SUFICIENTE (5-6)	BEN (6-7)	NOTABLE (7-8)	SOBRESALIENTE (9-10)
CA3.1 – Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Cóstalle comprender o sentido global e non logra interpretar a estrutura, nin identificar a información máis relevante e/ou a intención do emisor de textos escritos e multimodais, realizando con moita dificultade inferencias, evidenciabes a través dun comentario de 100-150 palabras ou 2 minutos.	Cóstalle comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e/ou a intención do emisor de textos escritos e multimodais, realizando con dificultade inferencias, evidenciabes a través dun comentario de 100-150 palabras ou 2 minutos.	Comprende, aínda que lle costa interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e/ou a intención do emisor de textos complexos escritos e multimodais, realizando as inferencias necesarias, evidenciabes a través dun comentario de 150-200 palabras ou 3 minutos.	Comprende e interpreta ben o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais complexos, realizando as inferencias necesarias, evidenciabes a través dun comentario de 150-200 palabras ou 4 minutos.	Comprende e interpreta moi ben o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais complexos, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura, evidenciabes a través dun comentario de 250 palabras ou 5 minutos.
TAREFA 1	INSUFICIENTE (1-4)	SUFICIENTE (5-6)	BEN (6-7)	NOTABLE (7-8)	SOBRESALIENTE (9-10)
CA3.2 – Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Cóstalle valorar o contido e a forma de textos e documentos e non é quen de avaliar adecuadamente a súa fiabilidade. Non é quen de identificar os procedementos lingüísticos nos que se sustenta a calidade dun texto, realizando con moita dificultade inferencias, evidenciabes a través dun comentario de 100-150 palabras ou 2 minutos.	Cóstalle valorar o contido e a forma de textos e documentos para avaliar a súa fiabilidade. E cóstalle tamén identificar os procedementos lingüísticos que dan calidade ao texto, realizando con dificultade inferencias, evidenciabes a través dun comentario de 100-150 palabras ou 2 minutos.	Valora con axuda o contido e a forma de textos e documentos para avaliar a súa fiabilidade. E logra con axuda tamén identificar os procedementos lingüísticos que dan calidade ao texto, realizando as inferencias necesarias, evidenciabes a través dun comentario de 150-200 palabras ou 3 minutos.	Valora o contido e a forma de textos e documentos para avaliar a súa fiabilidade. E logra tamén identificar os procedementos lingüísticos que dan calidade ao texto, realizando as inferencias necesarias, evidenciabes a través dun comentario de 150-200 palabras ou 4 minutos.	Valora moi adecuadamente a forma de textos e documentos para avaliar a súa fiabilidade. E identifica con facilidade os procedementos lingüísticos que dan calidade ao texto,, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura, evidenciabes a través dun comentario de 250 palabras ou 5 minutos.
TAREFA 2	INSUFICIENTE (1-4)	SUFICIENTE (5-6)	BEN (6-7)	NOTABLE (7-8)	SOBRESALIENTE (9-10)
CA3.3 – Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio	Non acostuma ler de maneira autónoma e, en caso de facelo, non deixa constancia do progreso lector ou faino explicando con moita dificultade a súa	Cóstalle ler autonomamente e cóstalle explicar a súa experiencia lectora, se ben xustifica as súas escollas, evidenciabes a través dun comentario de 100-150	Le autonomamente e explica a súa experiencia lectora e a razón das súas escollas, evidenciabes a través dun comentario de 150-200 palabras ou 3	Le de maneira autónoma, deixa pegadas do seu itinerario lector, explica a súa experiencia e xustifica adecuadamente as súas escollas,	Le de maneira autónoma e deixa evidencias do seu itinerario lector, explica moi ben a súa experiencia e presenta con creatividade e orixinalidade as razóns das súas escollas, evidenciabes a través

itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	experiencia lectora, evidenciable a través dun comentario de 100-150 palabras ou 2 minutos.	palabras ou 2 minutos.	minutos.	evidenciables a través dun comentario (ou elemento análogo) de 150-200 palabras ou 4 minutos.	dun comentario (calquera outro elemento) de 250 palabras ou 5 minutos.
TAREFA 3	INSUFICIENTE (1-4)	SUFICIENTE (5-6)	BEN (6-7)	NOTABLE (7-8)	SOBRESALIENTE (9-10)
CA3.4 – Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Non comparte a experiencia lectora de xeito adecuado, realizando con moita dificultade unha análise, evidenciable a través dunha reseña de 100-150 palabras ou 2 minutos.	Comparte a experiencia lectora, realizando con dificultade unha análise, evidenciable a través dunha reseña de 100-150 palabras ou 2 minutos.	Comparte a experiencia lectora, realizando unha análise, evidenciable a través dunha reseña, de 150-200 palabras ou 3 minutos.	Comparte a experiencia lectora en soporte dixital, realizando unha boa análise, evidenciable a través dunha reseña en formato <i>booktube</i> , de 150-200 palabras ou 4 minutos.	Comparte a experiencia lectora en soporte dixital a realizando unha análise, evidenciable a través dunha reseña en formato <i>booktube</i> , de 250 palabras ou 5 minutos.
TAREFA 3.1	INSUFICIENTE (1-4)	SUFICIENTE (5-6)	BEN (6-7)	NOTABLE (7-8)	SOBRESALIENTE (9-10)
CA3.5 – Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Cóstalle interpretar as obras lidas e, en consecuencia explicalas ou relacionalas co seu contexto sociohistórico, analizando con moita dificultade os elementos constitutivos das mesmas, evidenciable a través dun comentario textual de 100-150 palabras ou 2 minutos.	Pon as obras lidas en relación co seu contexto sociohistórico, interprétaas e analiza os seus elementos constitutivos con axuda, evidenciable a través dun comentario textual de 100-150 palabras ou 2 minutos.	Pon as obras lidas en relación co seu contexto sociohistórico, interprétaas e analiza os seus elementos constitutivos de xeito progresivamente autónomo, evidenciable a través dun comentario textual de 150-200 palabras ou 3 minutos.	Contextualiza as obras lidas, interprétaas adecuadamente de xeito autónomo e analiza os seus elementos constitutivos, evidenciable a través dun comentario de 150-200 palabras ou 4 minutos.	Interpreta as obras lidas e argumenta a súa interpretación con creatividade e orixinalidade, contextualizándoas adecuadamente e analizando os seus elementos constitutivos moi atinadamente, evidenciable a través dun comentario textual de 250 palabras ou 5 minutos.
TAREFA 3.2	INSUFICIENTE (1-4)	SUFICIENTE (5-6)	BEN (6-7)	NOTABLE (7-8)	SOBRESALIENTE (9-10)
CA3.6 – Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector.	Relaciona con dificultade e con axuda as obras lidas con outras da mesma época ou doutras literaturas, pero non é quen de relacionalas adecuadamente con outras manifestacións artísticas, realizando con moita dificultade inferencias, evidenciables a través dunha recomendación na reseña da obra de 50-100 palabras ou 1 minuto.	Relaciona con dificultade as obras lidas con outras da mesma época ou doutras literaturas, e con axuda é quen de relacionalas con outras manifestacións artísticas, realizando con dificultade inferencias, evidenciables a través dunha recomendación na reseña da obra de 50-100 palabras ou 1 minuto.	Relaciona as obras lidas con outras da mesma época ou doutras literaturas e tamén pode relacionalas con outras manifestacións artísticas, realizando inferencias, evidenciables a través dunha recomendación na reseña da obra de 100-150 palabras ou 1 minuto.	Relaciona adecuadamente as obras lidas con outras da mesma época ou doutras literaturas e vincúlaas con bo criterio con outras manifestacións artísticas, realizando inferencias, evidenciables a través dunha recomendación na reseña da obra de 100-150 palabras ou 1-2 minutos.	Relaciona adecuadamente e con autonomía as obras lidas con outras da mesma época ou doutras literaturas e vincúlaas con bo criterio, creatividade e orixinalidade con outras manifestacións artísticas, realizando inferencias, evidenciables a través dunha recomendación na reseña da obra de 150 palabras ou 2 minutos.

TAREFA FINAL	INSUFICIENTE (1-4)	SUFICIENTE (5-6)	BEN (6-7)	NOTABLE (7-8)	SOBRESALIENTE (9-10)
CA3.7 – Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Cóstalle crear individualmente textos con intención literaria e precisa do traballo en grupo para, a partir de lecturas guiadas, construír unha creación colectiva, evidenciable a través dun poema ou un microrrelato de 50-100 palabras.	Crea textos con intención literaria, con axuda e coa colaboración do grupo, evidenciable a través dun poema ou un microrrelato de 50-100 palabras.	Crea textos con intención literaria, de xeito individual ou coa colaboración do grupo, evidenciable a través dun poema ou un microrrelato de 100 palabras.	Crea textos orixinais con intención literaria, de xeito individual e coa colaboración do grupo, evidenciable a través dun poema ou un microrrelato de 100 palabras	Crea textos, con orixinalidade e creatividade, con intención literaria; de xeito individual e coa colaboración do grupo, en distintos soportes e acompañándoos doutras creacións artísticas (<i>collages</i> , fotografías...), evidenciable a través dunha composición que, entre outras cousas posúa máis de 150 palabras.